

## **Á VALEDORA DO POBO DE GALIZA**

**ASUNTO:** Queixa urxente por vulneración do dereito fundamental á participación política (artigo 23.2 CE) e restrición indebida das facultades de control democrático da oposición no Concello de Vigo.

Xabier Pérez Igrexas, en calidade de portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo e concelleiro da Corporación municipal, actuando en nome propio e na súa condición de representante dos concelleiros e concelleiras do seu grupo municipal asinantes da solicitude de Pleno extraordinario de data 25 de maio de 2026, ao abeiro dos artigos 23.2 da CE e 18 e seguintes da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, comparece e

### **EXPÓN**

#### **PRIMEIRO.- ANTECEDENTES**

Con data 25 de maio de 2026, os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, representativos de máis da cuarta parte do número legal de membros da Corporación, presentaron solicitude formal de convocatoria de Pleno extraordinario ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e do artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (DOCUMENTO ANEXO 01)

A solicitude viña motivada pola relevancia institucional e o evidente interese público derivado do accidente mortal acontecido na atracción “El Saltamontes”

durante as festas de Matamá do ano 2024, así como polas actuacións municipais posteriores e polas resolucións xudiciais coñecidas no procedemento, resultantes na imputación penal da concelleira de Seguridade, Patricia Rodríguez Calviño, por entre outros o ilícito de homicidio imprudente.

A proposta de orde do día incluía expresamente:

“Primeiro.- Comparecencia do alcalde-presidente do Concello de Vigo para informar sobre as actuacións municipais relacionadas co accidente mortal acontecido na atracción “El Saltamontes” e sobre as actuacións desenvolvidas polo goberno municipal tras as resolucións xudiciais coñecidas.

Segundo.- Debate e votación das propostas de acordo formuladas polos grupos promotores.”

## **SEGUNDO.- EXCLUSIÓN DO PUNTO RELATIVO Á COMPARECENCIA**

Tras diversos trámites internos, o Alcalde-Presidente ditou Decreto de 4 de xuño de 2026 convocando o Pleno extraordinario solicitado para o día 19 de xuño de 2026 (DOCUMENTO ANEXO 02)

Porén, o citado Decreto excluíu unilateralmente o punto primeiro da orde do día relativo á comparecencia do alcalde, mantendo exclusivamente o debate e votación das propostas de acordo. Unha decisión que contravén a normativa de aplicación, expresamente o artigo 44 do Regulamento Orgánico do pleno, que taxa de maneira concreta e restritiva que só poderán ser excluídos aqueles puntos que non refiran asuntos de competencia municipal, suposto que non se dá neste caso.

A motivación ofrecida para xustificar a exclusión limitouse a indicar que a proposta “non se adecúa” aos artigos 67 do Regulamento Orgánico do Pleno e 105 do

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen incorporar unha fundamentación xurídica suficiente que permitise coñecer as razóns concretas da decisión adoptada.

### **TERCEIRO.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN**

Con data 10 de xuño de 2026 interpúxose recurso de reposición (DOCUMENTO ANEXO 03) contra o citado Decreto, solicitando a reposición íntegra da orde do día formulada polos grupos promotores.

Mediante resolución posterior da Alcaldía do 12 de xuño de 2026 (DOCUMENTO ANEXO 04), o recurso foi desestimado, confirmándose a exclusión da comparecencia e mantendo a restrición das facultades de control político que constituían precisamente o obxecto principal da iniciativa promovida pola minoría corporativa.

### **CUARTO.- VULNERACIÓN DO DEREITO FUNDAMENTAL Á PARTICIPACIÓN POLÍTICA**

A actuación descrita suscita unha seria afectación do dereito fundamental recoñecido no artigo 23.2 da CE, na medida en que limita o exercicio efectivo das funcións representativas inherentes ao cargo de concelleiro/a e, particularmente, das funcións de control e fiscalización dos órganos de goberno.

A xurisprudencia constitucional vén recoñecendo de maneira constante que o dereito de acceso e permanencia nos cargos públicos comprende tamén o exercicio real e efectivo das facultades que integran o denominado *ius in officium* dos representantes públicos.

No ámbito local, a función de control político constitúe unha das competencias esenciais atribuídas ao Pleno da Corporación.

A maiores, o mecanismo previsto no artigo 46.2.a) da LRBRL non constitúe unha mera previsión procedimental, senón unha auténtica garantía institucional destinada a asegurar que as minorías políticas poidan promover o debate e control dos asuntos de relevancia pública, mesmo fronte á posición discrepante da maioría de goberno.

Por este motivo, calquera interpretación que permita á maioría neutralizar ou impedir o exercicio efectivo desta facultade corre o risco de baleirar de contido a finalidade de protección do pluralismo político e da participación democrática que inspira a norma.

## **QUINTO.- FALTA DE MOTIVACIÓN SUFICIENTE**

A resolución adoptada pola Alcaldía suscita igualmente dúbidas relevantes desde a perspectiva da esixencia de motivación dos actos administrativos.

A exclusión do punto relativo á comparecencia límitase a unha remisión xenérica e tautolóxica aos artigos 67 do ROP e 105 do ROF, sen ofrecer unha explicación concreta sobre:

- a) As razóns polas que non resultaría procedente a inclusión da comparecencia nun Pleno extraordinario solicitado ao abeiro do artigo 46.2.a) da LRBRL.
- b) A causa xurídica específica que permitiría apartarse da proposta formulada polos concelleiros solicitantes.
- c) A evidente falla de resposta aos argumentos expresamente formulados e asentados nunha ampla e sólida invocación normativa e xurisprudencial polos promotores da iniciativa durante a tramitación do expediente.

Tratándose dunha decisión susceptible de afectar ao exercicio dun dereito fundamental reforzado a nivel normativo e xurisprudencial, a esixencia de motivación adquire unha especial intensidade.

## **SEXTO.- POSÍBEL DESNATURALIZACIÓN DA GARANTÍA DAS MINORÍAS**

A fundamentación empregada pola Alcaldía parece apoiar a exclusión da comparecencia na necesidade de que esta fose previamente aprobada polo Pleno mediante votación.

Porén, cando a Corporación presenta unha composición na que o grupo de goberno dispón de maioría absoluta, neste caso 19 edís dun total de 27, esta interpretación pode conducir na práctica a que a propia maioría determine se debe ou non someterse ao control político promovido pola minoría, outorgándolle de facto á maioría absoluta a facultade de vetar a súa propia fiscalización.

Tal consecuencia deixaría sen efectividade real da garantía prevista no artigo 46.2.a) da LRBRL e sobre a súa compatibilidade coa finalidade constitucional de protección do pluralismo político e das facultades de control atribuídas ás e aos representantes públicos.

## **SÉTIMO.- INTERESE PÚBLICO E RELEVANCIA INSTITUCIONAL**

Os feitos obxecto da comparecencia solicitada gardan relación cun accidente mortal acontecido durante unhas festas populares organizadas baixo responsabilidade municipal e coas actuacións desenvolvidas posteriormente polos órganos de goberno.

A transcendencia social do asunto, o interese público existente e a necesidade de preservar a confianza cidadá nas institucións fan especialmente relevante garantir

que os mecanismos democráticos de control poidan exercerse con plena efectividade.

## **OITAVO.- COMPETENCIA DA VALEDORA DO POBO**

A actuación denunciada afecta ao exercicio de dereitos fundamentais por parte de membros electos/as dunha Corporación local galega e refírese á actuación dunha Administración pública sometida á supervisión da Valedora do Pobo.

Por tal motivo, enténdese que concorren os presupostos necesarios para a admisión e tramitación da presente queixa, ao estar en xogo tanto a protección do dereito fundamental recoñecido no artigo 23 da CE como o correcto funcionamento das institucións democráticas locais.

Por todo o exposto,

### **SOLICITA**

**Primeiro.-** Que se admita a trámite a presente queixa e se incoe o correspondente expediente de investigación.

**Segundo.-** Que, ao abeiro do artigo 22 da Lei 6/1984, se solicite ao Concello de Vigo informe completo sobre os feitos denunciados e sobre a fundamentación xurídica da exclusión do punto relativo á comparecencia do alcalde-presidente.

**Terceiro.-** Que, unha vez instruído o expediente, se emita unha Recomendación ou, se procede, dun Recordatorio de Deberes Legais dirixido ao Concello de Vigo, co fin de garantir o pleno respecto ao dereito de participación política dos membros da Corporación e ás facultades de control democrático das minorías municipais.

**Cuarto.-** Que se notifique a esta parte o resultado das actuacións practicadas e as resolucións que se adopten.

OUTROSÍ PRIMEIRO:

A presente queixa fórmulase cumprindo os requisitos establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

OUTROSÍ SEGUNDO:

Tendo en conta que a sesión plenaria extraordinaria foi convocada para o vindeiro día 19 de xuño de 2026 e que a eventual lesión do dereito fundamental invocado podería consumarse de forma irreversible coa celebración da mesma nos termos actualmente previstos, solicítase a tramitación urxente da presente queixa e que, de consideralo oportuno esa institución, se practiquen con carácter preferente as actuacións de investigación e comunicación co Concello de Vigo que permitan preservar a efectividade dos dereitos e principios invocados.

**Vigo, Galiza, a 16 de xuño de 2026.**

Asdo.:

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Xosé María Pardo', is written over a faint, large watermark of the Galician coat of arms in the lower right quadrant of the page.